

## ACORDO MARCO PARA A CLASIFICACIÓN LABORAL, RETRIBUCIÓNS E CONDICIÓN DE TRABALLO DOS ENTES DEPENDENTES OU ADSCRITOS Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela ten diferentes entes adscritos ou dependentes que, formando parte do sector público, teñen formas xurídicas e características diferentes. Porén, teñen en común a capacidade para a contratación de persoal, sendo de aplicación diferentes instrumentos convencionais ou, no seu defecto, o estipulado nos seus contratos e no Estatuto dos Traballadores. Isto implica un marco heteroxéneo que complica a negociación colectiva ao non partir dunhas características mínimas comúns.

O presente acordo pretende ser o punto común de consenso nalgunhas cuestións de carácter básico do que partir para a posterior negociación coa representación do persoal en cada unha das entidades adscritas ou dependentes.

### Artigo 1. *Obxecto*

O presente acordo ten por obxecto fixar un marco laboral común aplicable ás entidades xuridicamente dependentes ou adscritos á Universidade de Santiago de Compostela que teñan a condición de empregadoras de persoal laboral agás o persoal de limpeza da Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M. P. que dispón dun marco propio.

### Artigo 2. *Ámbito persoal, funcional e territorial*

O presente acordo aplicarase inicialmente ás entidades que se relacionan a continuación, sen prexuízo da súa extensión ás restantes entidades instrumentais ou entes dependentes da Universidade de Santiago de Compostela:

- Fundación Rof Codina
- Cursos Internacionais da USC, SL.

### Artigo 3. *Xornada*

En materia de xornada laboral respectaranse os mínimos legais, en particular, os que poidan derivar das negociacións entre o Goberno e os axentes sociais. A xornada máxima será de 37,5 horas semanais de media en cómputo anual de tempo de traballo efectivo.

Sen prexuízo do anterior, fíxase o obxectivo de alcanzar un máximo de xornada de 35 horas semanais no prazo máximo de 3 anos, a partir do primeiro ano de vixencia.

As xornadas de traballo serán as que existen actualmente en cada ente adscrito ou dependentes ao presente Acordo, sen prexuízo de posibles modificacións que se podan acordar cos representantes legais dos traballadores

En cada entidade abordarase a regulación da distribución flexible da xornada vixente no inicio e na fin da xornada, de xeito que exista a posibilidade de iniciar ou finalizar a prestación de servizos dentro de determinadas franxas horarias e garantindo, en todo caso, un intervalo temporal obrigatorio entre ditas franxas en función das necesidades do servizo que se trate.

Co fin de garantir o anterior, todos os entes dentro do ámbito de aplicación do presente acordo deberán dispoñer de sistemas de rexistro da xornada.

### Artigo 4. *Réxime de permisos retribuídos e festivos*

En materia de permisos retribuídos será de aplicación ao persoal destas entidades o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia para o seu persoal funcionario.

No último trimestre do ano negociarase en cada ente cos representantes

legais dos traballadores as vacación e permisos do ano seguinte.

En cada entidade rexerán os festivos propios de cada actividade e localidade.

#### *Artigo 5. Actualizacións e incrementos retributivos*

Os incrementos retributivos que anualmente se determinen para o persoal ao servizo do sector público serán de aplicación en todas as entidades adscritas ou dependentes dentro do ámbito do presente acordo.

#### *Artigo 6. Incapacidade temporal*

As entidades dentro do ámbito do presente acordo complementarán as prestacións por incapacidade temporal, ata o 100 por 100 do salario durante todo o período de duración, tanto nos supostos de continxencias comúns, como nos de continxencias profesionais.

#### *Artigo 7. Teletraballo*

Poderase aplicar o teletraballo en cada entidade, sempre e cando se trate de postos de traballo nos que o seu contido competencial permita a prestación de servizos a través desta modalidade mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación e que contribúa a unha mellor organización do traballo a través da identificación de obxectivos e da avaliación do seu cumprimento, dentro do marco establecido para o sector público na normativa estatal e autonómica de aplicación.

A prestación do servizo deberá ser autorizada expresamente nos termos que se negocien colectivamente, e será compatible coa modalidade presencial. Terá carácter voluntario e reversible agás en supostos excepcionais debidamente xustificados.

A entidade proporcionará, por solicitude da persoa traballadora e sempre que

se autorice a prestación de servizos nesta modalidade, os medios tecnolóxicos necesarios para desenvolver a súa actividade. O persoal que preste servizos mediante teletraballo terá os mesmos deberes y dereitos, individuais e colectivos, que o resto do persoal en modalidade presencial, incluíndo o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Con carácter xeral, os dispositivos, claves, equipos e demais ferramentas que, eventualmente se faciliten ao persoal que preste servizos a distancia, entregaranse, única e exclusivamente para o desempeño das funcións do seu posto de traballo, non podendo facer un uso persoal de tales materiais ou ferramentas, agás acordo expreso en contrario.

#### Artigo 8. *Sistema de clasificación profesional*

O sistema de clasificación profesional estrutúrase en grupos profesionais, co fin de organizar os postos de traballo en función dos niveis de cualificación e formación necesarios para o desempeño das funcións propias dos distintos niveis de prestación do servizo.

Para os efectos desta clasificación profesional, o contido da prestación ou función do posto de traballo é o conxunto de tarefas, funcións e actividades propias dun posto.

O grupo profesional agrupa de forma unitaria as competencias profesionais, as titulacións, e o contido xeral da prestación laboral que lles corresponde.

#### Artigo 9. *Grupos profesionais*

O persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do presente acordo clasificarase en diferentes grupos profesionais, conforme as ocupacións desempeñadas, así como aos requisitos requiridos para o seu desempeño. Así, o persoal laboral clasificarase nos seguintes grupos profesionais:

- Grupo Profesional I: Inclúese neste grupo a aquel persoal ao que se lle

esixe unha alta cualificación formativa e estar en posesión dunha titulación universitaria para o desempeño do seu traballo e que desenvolva tarefas técnicas moi complexas propias da súa capacitación profesional e formativa.

- Grupo Profesional II: Inclúese neste grupo a aquel persoal ao que se lle esixe unha alta cualificación formativa ou estar en posesión dunha titulación universitaria, acreditacións e/ou habilitacións académicas e/ou certificados de profesionalidade para o desempeño do seu traballo e que desenvolva tarefas técnicas ou complexas propias da súa capacitación profesional e formativa.
- Grupo Profesional III: Inclúese neste grupo a aquel persoal ao que se lle esixe estar en posesión dalgunha titulación non universitaria, acreditacións e/ou habilitacións académicas e/ou certificados de profesionalidade previstos no sistema educativo para o desempeño do seu traballo e que desenvolva tarefas de complexidade media propias da súa capacitación profesional e formativa.
- Grupo Profesional IV: Inclúese neste grupo a aquel persoal ao que non se lle esixe estar en posesión dalgunha titulación prevista no sistema educativo para o desempeño do seu traballo e/ou que desenvolva tarefas de complexidade baixa.

#### Artigo 10. *Sistema e estrutura retributiva*

A estrutura retributiva do persoal laboral unificarase baixo os seguintes conceptos retributivos:


##### 1. Retribucións básicas:

Estas retribucións comprenden o soldo base, trienios e pagas extraordinarias,


de acordo coas que corresponden ó grupo profesional en que se atope clasificada a persoa, de conformidade co sistema de clasificación fixado no presente instrumento.

a) O soldo, que se asigna en función da pertenza a cada grupo de clasificación profesional en que se organizan os postos de traballo.

b) Os trienios, consistentes nunha cantidade igual para todos os grupos de clasificación profesional, por cada tres anos de Servizo.



Os traballadores que á entrada en vigor do presente instrumento estivesen percibindo trienios ou complementos de antigüidade nunha contía e/ou con un sistema diferente ao establecido neste apartado, consolidarán a contía de dito trienio ou complemento de antigüidade. Non obstante, os trienios ou períodos que se perfeccionen a partir da entrada en vigor do presente instrumento serán devengados na forma e contías establecidas no mesmo.



c) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano por un importe mínimo cada unha delas dunha mensualidade do soldo e trienios e das retribucións complementarias.

## 2. Retribucións complementarias:

a) O complemento de categoría, que se asigna en función da pertenza a cada categoría de clasificación profesional en que se organizan os postos de traballo. Retribúe as características de determinados grupos profesionais respecto a outros.

b) O complemento de posto, é o que diferencia, se é necesario, as especiais condicións particulares dos diferentes postos de traballo dentro dos mesmos grupos. Retribúe as especiais dificultades materiais e técnicas que esixa o desempeño do posto de traballo.



c) Outros conceptos que se poidan establecer en función das especificidades de cada entidade.

En todo caso, o persoal que actualmente ten unha retribución anual superior á que se estableza na negociación respectaránselle os dereitos económicos adquiridos e consolidados.

Disposición adicional primeira. *Condicións máis beneficiosas previas*

Sen prexuízo do aquí regulado, respectaranse as condicións máis beneficiosas que, debidamente acreditadas, sexan de aplicación ao persoal do ámbito de este acordo.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025



Antonio Javier Ferreira Fernández  
Xerente  
Universidade de Santiago de Compostela



Amelia Pérez Álvarez  
Secretaria Xeral  
CCOO Galicia

